



DIARIO DUN DESASTRE ECOLÓXICO

Luns, 27 de abril.

Na mina de Aznalcóllar, situada en Huelva produciuse un desastre ecolóxico. Todo comezou cando a presa desa mina, que contiña residuos tóxicos, rompeu por causas descoñecidas verténdoos no río Agreo e Guadamar ata chegar ó Parque Nacional de Doñana onde foron paradas por un muro de contención. Despois de pasar esta riada de residuos tóxicos, a paisaxe era desoladora, tódolos campos de cultivo e toda clase de vexetación quedou destrizada. A todo isto a ministra de medio ambiente, asegurou que o parque quedou salvado da contaminación directa.

Había denuncias por filtracións ó entorno de Doñana, que foron arquivadas fai dous anos, e por parte tamén de dous afectados que sufriron dermatite ó metérense nesas augas para rescatar dous animais, outros veciños denunciaron ó director da presa por perdas de campos de cultivo.

O grupo ecolóxico Greenpeace enviou a Doñana o buque Miss Greenpeace para avaliar no contorno do coto os danos que está causando a avalancha tóxica.

A organización WWF/Adena calificou a riada como "unha das peores catástrofes ambientais europeas" e pediu á fiscalía que depure responsabilidades neste suceso.

Anque Doñana estea salvada dun desastre maior, as augas tóxicas dirixense á desembocadura do río Guadalquivir.

Martes, 28 de abril.

A ministra de medio ambiente, Isabel Tocino, declarou onte que Doñana, un dos ecosistemas emblemáticos europeos, se salvou da "riada tóxica".

O Fiscal Xeral do Estado, Xesus Cardenal, tamén quere estar informado sobre o estado do parque.

Aínda que os danos ambientais e económicos sobre os cultivos e os cauces non foron cuantificados, calcúlase que unhas 4.800 hectáreas de chan agrícola foron seriamente afectadas.

Mércores, 29 de abril.

Os efectos do desastre son impredecibles, incluso para dentro de trinta anos aseguraron os expertos, mentres o director

do parque advirte da filtración tóxica nas capas freáticas. A ministra segue dicindo que o parque está salvado, cando 5 millóns de metros cúbicos de material altamente tóxico se encontran no río Guadamar. A riada tóxica chegou á desembocadura do Guadalquivir. Os efectos sobre Doñana e os 100 millóns de aves que o transitan cada ano son, aínda, impredecibles.

Xoves, 30 de abril.

Aparecen en Doñana as primeiras aves mortas por efecto da marea negra. Técnicos de medio ambiente recollen peixes mortos nas inmediacións do couto de Doñana. A estimación das perdas superan xa os 15.000 millóns de pesetas en cultivos e danos a unha superficie de 1000 hectáreas.

O director da empresa mineira asume con vergoña as responsabilidades.

Domingo, 3 de maio.

A partir de agora, segundo o conselleiro de industria, os residuos tóxicos serán vertidos nunha mina abandonada de Aznalcóllar. Posiblemente isto traia consecuencias graves nun futuro, segundo dixeron os ecoloxistas.

Xoves, 7 de maio.

Hoxe, F. Javier Torres, denuncia que a protección do parque era insuficiente.

Domingo, 10 de maio.

Comenzan os traballos para depurar as augas do parque. Agora o río Guadimar evoluciona cara á normalidade.

Luns, 11 de maio.

O director da estación biolóxica asegura que o parque estaba contaminado desde o primeiro día, e a Xunta considerounas alarmistas, as advertencias contra o paso de rocieiros.

Mércores, 13 de maio.

Cada vez a situación é máis desesperante, aparecen cinco cabalos mortos, por tomar auga contaminada.

Este diario témolo que cerrar, pero o desastre continúa. O único que desexamos é que todo remate pronto, e poidamos esquece-lo ocorrido, sen lamentar danos irreparables.